

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN FUNCIÓNS O DÍA 9 DE XUÑO DE 2023

PRESIDENTE:

O alcalde en funcións, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTE:

D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D.^a María Dolores Pan Lesta

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas e cincuenta minutos do día nove de xuño do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local en funcións, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión as Sras. concelleiras D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D.^a Elisa Pestonit Barreiros e D.^a María Dolores Pan Lesta.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- ADQUISICIÓN, EN EJERCICIO DA OPCIÓN DE COMPRA, DE DOUS VEHÍCULOS-PATRULLA PARA USO DA POLICÍA LOCAL DE CAMBRE – EXPEDIENTE NÚM. 2018/C005/000003

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local en funcións, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos en funcións de data 7 de xuño de 2023 (CVD: exhvAKoun9YNr13LLzrB), que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS EN FUNCIÓNS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que con data do 28.05.2019, a Xunta de Goberno Local adjudicou a “Subministración polo sistema de renting de dous vehículos para uso da Policía Local de Cambre”, (exp. 2018/C005/000003), a favor da empresa “Autos Iglesias, S. L.” con NIF B27014398 (...), formalizándose o contrato administrativo da dita subministración con data do 11.06.2019 (CVD: viFd0jZAFav+uShS74a0).

Visto que na cláusula 27 do prego de cláusulas administrativas que rexen esta contratación (CVD: oMupn9a4XY/h5caxMtaqD), en adiante PCAP, se regula a posibilidade dunha opción de compra nos seguintes termos:

“A la finalización del contrato, el Ayuntamiento de Cambre y el adjudicatario podrán acordar la compra de los vehículos, de ambos o de sólo uno de ellos, pagando como precio de compraventa la cantidad fijada como valor residual.

Si se optase por la compra, el Ayuntamiento de Cambre deberá comunicar su decisión por escrito a la empresa adjudicataria con un mes de antelación a la fecha de finalización del contrato y, en caso de optar por la compra, ésta quedará perfeccionada desde el momento en que se produzca el pago a la empresa adjudicataria.

En caso de que a la finalización del contrato el Ayuntamiento de Cambre no opte por la compra de ninguno de los vehículos, se restituirán éstos a la empresa adjudicataria”.

Visto que a cláusula 5 do PCAP fixa o valor residual dos vehículos en 9.917,35 euros sen IVE, 12.000 euros IVE incluído.

Visto o informe asinado polo inspector xefe da policía local con data do 02.03.2023, no que propón “adquirir senllos vehículos Ford C-Max, con placas de matrícula 3241KDH e 3500KDH, respectivamente, os cales teñen realizados os mantementos e revisións prescritos polo fabricante á empresa Autos Iglesias”.

Visto o documento de retención de crédito asinado con data do 07.06.2023 polo interventor municipal (1D2HKJDFHS-VDOFK) por importe de 12.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 132 62400.

Visto o informe favorable asinado pola técnica de xestión de administración xeral, Verónica María Otero López, coa conformidade da secretaria xeral e co intervido e conforme do interventor municipal, con data do 07.06.2023 (CVD: RIWheyVhd4n3pelu5Vum), que di:

*“(…) **Terceira:** Non obstante o anterior, cómpre salientar que non consta no expediente que se liquidara anualmente o kilometraje, tal e como se regula na cláusula 7 do PCAP:*

“El kilometraje se liquidará anualmente, realizando la amortización entre los kilómetros recorridos por cada vehículo y los que se ofertaron por el licitador como límite de kilometraje anual, o en su defecto, los que se fijaron como estimados en el pliego de prescripciones técnicas del presente contrato.

El exceso de kms. lo abonará el Ayuntamiento, en función del coste por km adicional que el adjudicatario determine en su oferta, mientras que dicho adjudicatario abonará al Ayuntamiento de Cambre los kms. recorridos de menos, al precio/km que igualmente el adjudicatario determine en su oferta”.

Polo tanto, a xuízo da técnica que subscribe, procede a incorporación ao expediente da dita liquidación de kilometraje nos termos expostos nesta cláusula 7.

CONCLUSIÓN

En atención ao exposto, infórmase favorablemente a proposta formulada polo inspector xefe da policía local no seu informe de data 02.06.2023 para “adquirir senllos vehículos Ford C-Max, con placas de matrícula 3241KDH e 3500KDH”, cuxo prezo vén determinado polo valor residual dos vehículos fixado na cláusula 5 do PCAP que rexe esta contratación, 9.917,35 euros prezo sen IVE, 12.000 euros IVE incluído.

Se ben, finalizado o prazo de vixencia desta contratación (con data do 12.07.2023) deberá subsanarse o expediente e incorporar ao mesmo a liquidación do kilometraje segundo o establecido na consideración xurídica terceira deste informe”.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local en funcións a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Autorizar e dispoñer o gasto para o exercizo da opción de compra no expediente de contratación núm. 2018/C005/000003, por importe de 12.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 933 62500.

Segundo: Adquirir, en exercizo da opción de compra regulada na cláusula 27 do PCAP, os vehículos Ford C-Max, con placas de matrícula 3241KDH e 3500KDHm, para uso da policía local.

Terceiro: Finalizado o prazo de vixencia desta contratación (con data do 12.07.2023), proceder á liquidación da kilometraxe nos termos establecidos na cláusula 7 do PCAP:

“El kilometraje se liquidará anualmente, realizando la amortización entre los kilómetros recorridos por cada vehículo y los que se ofertaron por el licitador como límite de kilometraje anual, o en su defecto, los que se fijaron como estimados en el pliego de prescripciones técnicas del presente contrato.

El exceso de kms. lo abonará el Ayuntamiento, en función del coste por km adicional que el adjudicatario determine en su oferta, mientras que dicho adjudicatario abonará al Ayuntamiento de Cambre los kms. recorridos de menos, al precio/km que igualmente el adjudicatario determine en su oferta”.

Cuarto: Notificar este acordo a Autos Iglesias, S. L.

Quinto: Dar traslado deste acordo á intervención municipal e ao inspector-xefe da policía local, responsable do contrato, a quen corresponderá verificar que se da cumprimento ao establecido no apartado terceiro deste acordo verbo da liquidación da kilometraxe.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos en funcións de data 7 de xuño de 2023 (CVD: exhvAKoun9YNr13LLzrB), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

2.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA "SUBMINISTRACIÓN DE DIVERSO MATERIAL DEPORTIVO PARA PISTAS DEPORTIVAS EXTERIORES, POLIDEPORTIVO E CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CAMBRE" AO LICITADOR "SUMINISTROS TÉCNICOS DEPORTIVOS S.L.U." - EXPEDIENTE NÚM. 2022/C005/000006

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local en funcións, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos en funcións de data 6 de xuño de 2023 (CVD: 01mn0UVWEIS1m0JVLfsa), que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA EN FUNCIÓNS DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación que consta na plataforma TEDeC co núm. 2022/C005/000006 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado con multiplicidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, da “subministración de diverso material deportivo para pistas deportivas exteriores, polideportivo e campos de fútbol municipais do Concello de Cambre”.

Vista a acta do órgano de asistencia designado no dito expediente, de data 18.04.2023 (CVD: DKu92g5ypbJHI7d5tszl) na que se di que nesta licitación se presentaron os seguintes licitadores:

1. SPORT EQUIPALIA, S.L.U.
2. SUMINISTROS TÉCNICOS DEPORTIVOS SLU

Visto que na dita acta tamén se di que o órgano de asistencia, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos en a cláusula 12 do PCAP, outorgou a seguinte puntuación correspondente aos licitadores, resultando a clasificación que igualmente se indica, por orden decrecente de puntuación:

Licitador	PRECIO SIN IVA	PUNTUACIÓN	ANOS GARANTÍA	PUNTUACIÓN	TOTAL PUNTUACIÓN
SUMINISTROS TÉCNICOS DEPORTIVOS S.L.U.	16.450,00 €	80	6	11	91
Sport Equipalia, S.L.U.	17.000,00 €	48,6	8	15	63,6

Visto que, outorgado ao licitador que obtivo a maior puntuación, o prazo de sete días hábiles para que aportara a documentación establecida na cláusula 16 do PCAP, este atendeu o requirimento dentro do dito prazo.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral, dona Verónica María Otero López, co conforme da Secretaria xeral, con data do 02.06.2023 (CVD: mC8605A2qHdvDrKsBr9I), que di:

“(...)

As funcionarias que subscriben ratifícanse e reitéranse no informe emitido con data do 17.03.2023 (CVD: AtBwX1+O4oSarQefcPox), polo que, en atención ás consideracións sinaladas no mesmo, infórmase desfavorablemente a adxudicación desta subministración.

Non obstante, de ser outro o criterio do órgano de contratación, faise constar que, examinada a documentación presentada polo licitador proposto como adxudicatario, así como os datos obrantes no certificado de inscrición no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público que constan no expediente, despréndese que, a xuízo da que subscribe, dase cumprimento ao establecido na cláusula 16 do PCAP xa que o licitador acredita a súa personalidade e capacidade, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, tanto na data final de presentación de ofertas como na data actual, e estar ao corrente coas obrigas co Concello de Cambre, tanto na data final de presentación de ofertas como na data actual (consta no expediente informe emitido pola tesoureira municipal de data 01.06.2023; CVD: 2TbbPGh9ApO4KGgyfJH+). Consta tamén no expediente declaración responsable de non estar incurso a entidade mercantil en prohibición de contratar, requisito que tamén consta no certificado de inscrición no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público expedido con data do 01.06.2023.

Respecto da solvencia, consta no expediente informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas con data do 15.05.2023 (CVD: +Jdk5Mgy6ubyvVn8EUIJ), que di:

“(...) Se informa favorablemente la solvencia económica y financiera así como la solvencia técnica por lo que solicito continuar con la tramitación del expediente”.

Así mesmo, no caso de ser outro o criterio do órgano de contratación, infórmase da necesidade de incorporar ao expediente o informe de fiscalización emitido pola intervención municipal.

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto e polos motivos expostos no citado informe desfavorable informe emitido con data do 17.03.2023 pola técnica que subscribe, coa conformidade da secretaria xeral (CVD: AtBwX1+O4oSarQefcPox), **infórmase desfavorablemente** a adxudicación da subministración de diverso material deportivo para pistas deportivas exteriores, polideportivo e campos de fútbol municipais do Concello de Cambre.

É o que expoño neste informe que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito”.

Visto o informe de fiscalización favorable, JUA 216/2023, emitido con data do 03.06.2023 polo interventor municipal (CVD: ToLKGa3Q88wgr6KcvPU).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar válida a licitación, admitindo nela as seguintes ofertas, tal e como consta na acta do órgano de asistencia de data 18.04.2023 (CVD: DKu92g5ypbJHI7d5tszl):

-SPORT EQUIPALIA, S.L.U.

-SUMINISTROS TÉCNICOS DEPORTIVOS SLU

Segundo: Aprobar a seguinte valoración das ofertas presentadas polos licitadores e ordenalas por orde decrecente de clasificación, tal e como consta na acta do órgano de asistencia de data 18.04.2023 (CVD: DKu92g5ypbJHI7d5tszl):

Licitador	PRECIO SIN IVA	PUNTUACIÓN	ANOS GARANTÍA	PUNTUACIÓN	TOTAL PUNTUACIÓN
SUMINISTROS TÉCNICOS DEPORTIVOS S.L.U.	16.450, 00 €	80	6	11	91
Sport Equipalia, S.L.U.	17.000,00 €	48,6	8	15	63,6

Terceiro: Adxudicar o contrato da “Subministración de diverso material deportivo para pistas deportivas exteriores, polideportivo e campos de fútbol municipais do Concello de Cambre” ao licitador “SUMINISTROS TÉCNICOS DEPORTIVOS S.L.U.”, no prezo ofertado de 16.450, 00 euros sen IVE, 19.904,50 euros IVE incluído, cun prazo de garantía de seis anos, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do PCAP (oferta económica e prazo de garantía).

Cuarto: Este contrato entenderase formalizado mediante a firma de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación; isto, de conformidade co establecido na cláusula 16.3 do PCAP e no artigo 159.6.g) da LCSP.

Quinto: Designar a don José Luis Martínez Názara, coordinador de actividades culturais e educativas, responsable desta contratación, a quen, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto: Notificar o presente acordo aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público.

Sétimo: Dar traslado do acordo ao responsable do contrato e á Intervención Municipal para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos en funcións de data 6 de xuño de 2023 (CVD: 01mn0UVWEIS1m0JVLfsa), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.- PROPOSTA PARA DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO DE NOMEAMENTO DE DIRECTOR DE OBRA, COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE E CONTROL DE CALIDADE DA OBRA "MELLORA DA PISTA MUNICIPAL DO TEMPLE", ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30.05.2023

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local en funcións, a proposta do alcalde en funcións de data 7 de xuño de 2023 (CVD: QJAPdXJfB9cAnWgnqII), que transcrita di:

«PROPOSTA DO ALCALDE EN FUNCIÓNS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que a Xunta de Goberno Local en funcións, na súa sesión ordinaria do día 30.05.2023, adoptou o acordo cuxa parte dispositiva di:

«Primeiro: Designar a don Álvaro Vázquez Herrero, enxeñeiro de camiños, canles e portos, de Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L. (CIMARQ), para a dirección da obra denominada "Mellora da pista municipal de O Temple".

Segundo: Designar a Gallega de Coordinaciones, S.L., para a coordinación de seguridade e saúde do proxecto de "Mellora da pista municipal de O Temple", e en concreto a don Francisco Jesús Cobas Fernández, enxeñeiro técnico industrial.

Terceiro: Designar a 3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega, para o servizo de control de calidade do proxecto de "Mellora da pista municipal de O Temple"; en concreto a dona Ana M^a Romero Martínez, licenciada en Ciencias Químicas.»

Visto que, a día de hoxe, non consta adxudicada a dita obra de "Mellora da pista municipal de O Temple".

Visto que o dito acordo de data 30.05.2023 parte dun suposto de feito irreal e inexistente, determinando a imposibilidade material da súa realización, polo que incorre no suposto de nulidade de pleno dereito establecido no artigo 47.1.c) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas ("Los actos de las

Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes: (...) c) Los que tengan un contenido imposible ...”).

Atendendo aos principios de economía procesal e simplificación administrativa que deben rexir toda a actuación da Administración Pública, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Deixar sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en funcións, na súa sesión ordinaria do día 30.05.2023, cuxa parte dispositiva di:

«**Primeiro:** Designar a don Álvaro Vázquez Herrero, enxeñeiro de camiños, canles e portos, de Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L. (CIMARQ), para a dirección da obra denominada “Mellora da pista municipal de O Temple”.

Segundo: Designar a Gallega de Coordinaciones, S.L., para a coordinación de seguridade e saúde do proxecto de “Mellora da pista municipal de O Temple”, e en concreto a don Francisco Jesús Cobas Fernández, enxeñeiro técnico industrial.

Terceiro: Designar a 3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega, para o servizo de control de calidade do proxecto de “Mellora da pista municipal de O Temple”; en concreto a dona Ana M^a Romero Martínez, licenciada en Ciencias Químicas.»

Segundo: Dar traslado do dito acordo a través da plataforma TEdC á sección de obras e servizos aos efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do alcalde de funcións de data 7 de xuño de 2023 (CVD: QJAPdXJIFb9cAnWgnqII), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e cincuenta e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O presidente en funcións

Óscar A. Garcia Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo